



INFORME CLIMATOLÓGICO

INVERNO 2025-2026



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2025-2026.....	4
2.1.	Temperatura.....	4
2.2.	Precipitación.....	9
3	BALANCE HISTÓRICO DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO.....	13
3.1.	Temperatura.....	13
3.2.	Precipitación.....	16
4	DIAGRAMA DE TERMOHIETAS.....	18

Data edición: 10/03/2023

**Inverno 2025-2026: cálido e moi húmido**

1 INTRODUCCIÓN

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do inverno 2025-2026 (decembro, xaneiro e febreiro). Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentís contrástanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos sirve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste inverno e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{\min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{\min} 1981-2010 \leq T < P_{20}$	Moi frío
$P_{20} \leq T < P_{40}$	Frío
$P_{40} \leq T \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < T \leq P_{80}$	Cálido
$P_{80} < T \leq T_{\max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{\max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación da estación en función da temperatura



Precipitación

Para a variable precipitación (*PP*), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste inverno respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar a estación en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi húmido
$PP > PP_{max} 1981-2010$	Extremadamente húmido

Táboa 0.2. Cualificación da estación en función da precipitación



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2025-2026

2.1. Temperatura

O inverno 2025-2026 foi **cálido**, cun valor de **temperatura media** de **9.1 °C** e unha **anomalía positiva** de **0.6 °C**. Isto debeuse aos elevados valores de temperatura mínima rexistrados, especialmente, durante o mes de febreiro de 2026. Tomando como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía de 1.5 °C, o verán foi moi cálido e, se temos en conta a media da temperatura máxima, cuxa desviación foi de 0.3 °C inferior ao normal, frío.

O inverno comezou cun mes de **decembro** no que as temperaturas non quedaron moi lonxe das agardadas nun mes normal. As primeiras semanas foron de ambiente suave, con valores máis altos do habitual por mor da chegada frecuente de borrascas con ventos do sur. Esta anomalía compensouse polas baixas temperaturas da última semana do mes, durante a cal se rexistraron xeadas nocturnas frecuentes en zonas de interior. A **temperatura media** en decembro de 2025 para a serie rexional galega foi **8.7 °C**. Así, o valor medio da **anomalía da temperatura media** para este mes, obtido a partir do valor medio das anomalías en once estacións meteorolóxicas representativas, foi **nulo**, o que fai que o mes se poida considerar como **normal**. Tendo en conta a desviación positiva na temperatura mínima de 0.4 °C, decembro considérase cálido e no referente á temperatura máxima, cunha anomalía negativa de 0.4 °C, frío.

No mes de **xaneiro**, o valor medio da temperatura media non quedou moi afastado do valor climático, xa que o paso das borrascas deixaba alternativamente xornadas de suroeste, con valores altos, e outras con noroeste e chegada de aire frío que facía descender os termómetros, compensándose as anomalías entre eles. A **temperatura media** en xaneiro de 2026 para a serie rexional galega foi **8.3 °C**. Así, o valor medio da **anomalía da temperatura media** foi **0.3 °C por riba** do valor normal climatolóxico, o que fai que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **normal**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 1.3 °C, o mes resulta cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación negativa de 0.8 °C, moi frío.

O inverno rematou cun mes de **febreiro** cun valor medio da temperatura media máis alto do que correspondería a un febreiro normal. Esta anomalía positiva debeuse ao valor medio da temperatura mínima, xa que o valor medio da temperatura máxima estivo preto do climático. Os valores mínimos tan elevados explícanse pola visita tan constante de

borrascas, que deixan madrugadas de ceos nubrados cun ambiente fresco ou suave, pero non frío. A **temperatura media** en febreiro de 2026 para a serie rexional galega foi **10.3 °C**. Así, o valor medio da **anomalía da temperatura media** foi **1.5 °C superior** ao valor climático normal, o que fai que o mes se poida considerar no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Se tomamos como referencia a media da temperatura mínima, cunha anomalía positiva de 2.8 °C, o mes resulta, tamén, moi cálido, mentres que para a media da temperatura máxima, cunha desviación positiva de 0.3 °C, normal. O precedente máis cálido atopámolo en febreiro do ano 2024.

Na **Figura 1**, móstrase o mapa de temperatura media para o inverno 2025-2026. Segundo a información que se pode extraer, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi 7.6 °C. Os valores máis altos, comprendidos entre 11.1 e 11.7 °C, rexistráronse ao longo da liña de costa, pero especialmente no litoral das *Rías Baixas* e na contorna do *Golfo Ártabro*. Os valores máis baixos, de entre 2.3 e 3.4 °C, acadáronse nas áreas montañosas das *Serras do Eixe*, de *Queixa* e do *Courel*.




Figura 1: Temperatura media (°C) no inverno 2025-2026

Na **Figura 2**, pódese ver o mapa da desviación da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dun inverno cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de 0.6 °C por riba do valor normal. Agás en zonas de serra e montañosas da metade sur, onde a anomalía está entre 0.5 e 0.1 °C por baixo da media climática, no resto do territorio a temperatura estivo por riba dos valores normais, destacando áreas das *Mariñas Coruñesas* ou da *Meseta de Lugo*, onde a desviación positiva se move entre 1.2 e 1.6 °C.




Figura 2: Mapa de anomalía da temperatura media (°C) no inverno 2025-2026



Nas **Táboas 1 e 2**, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade galega na estación de inverno 2025-2026 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas coas temperaturas diúrnas máis altas déronse entre o 22 e o 24 de febreiro de 2026.

Táboa 1: Temperaturas <u>máximas máis altas</u> rexistradas no inverno 2025-2026 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/02/2026	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	23.8
22/02/2026	Ourense	OURENSE	Ourense	23.4
24/02/2026	Riotorto	RIOTORTO	Lugo	23.3
23/02/2026	Melide	MELIDE	A Coruña	23.3
23/02/2026	Xabrega	SOBER	Lugo	23.1
23/02/2026	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.1
22/02/2026	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	22.7
23/02/2026	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	22.7
23/02/2026	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	22.7
23/02/2026	Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	22.6

Táboa 2: Temperaturas <u>máximas máis altas</u> rexistradas no inverno 2025-2026 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/02/2026	Xurés	MUIÑOS	Ourense	20.8
22/02/2026	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	19.1
23/02/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	19.1
22/02/2026	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	18.5
22/02/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	18.1
23/02/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	17.5
23/02/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	17.3
23/02/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	17.0
23/02/2026	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	16.6
23/02/2026	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.0



Nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade galega na estación de inverno 2025-2026 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, sobresaen as xornadas do 5 de xaneiro para estacións situadas por enriba dos 1000 metros e as do 26 e 27 de decembro para estacións situadas por debaixo como os días coas temperaturas nocturnas máis baixas, con xeadas fortes en zonas montañosas.

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2025-2026 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/01/2026	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-9.9
05/01/2026	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-9.3
05/01/2026	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8.8
05/01/2026	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-8.6
05/01/2026	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.1
05/01/2026	Ancares	CERVANTES	Lugo	-6.8
05/01/2026	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-6.3
05/01/2026	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.3
05/01/2026	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-5.4
05/01/2026	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-5.4

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2025-2026 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/12/2025	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-6.0
27/12/2025	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-5.6
27/12/2025	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.3
26/12/2025	Baltar	BALTAR	Ourense	-5.1
27/12/2025	Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	-5.1
27/12/2025	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-5.0
05/01/2026	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-5.0
27/12/2025	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.8
27/12/2025	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-4.8
27/12/2025	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	-4.5



2.2. Precipitación

No referente á precipitación, pódese cualificar este **inverno 2025-2026** como **moi húmido**, cunha porcentaxe de precipitación un **81 % superior** ao valor climático do período de referencia 1981-2010.

A precipitación acumulada en **decembro de 2025** estivo, en xeral, lixeiramente por riba da media climática, o que quere dicir que as cantidades acumuladas foron significativas, posto que decembro é, climatologicamente, o mes máis chuvioso do ano. A chegada de borrascas bastante activas nas primeiras tres semanas do mes explica este resultado. A precipitación media acumulada en decembro de 2025 para a serie rexional galega ascendeu a **206 L/m²**. Deste xeito, o valor medio da anomalía da precipitación, obtido a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un **14 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi decembro de 2022.

En **xaneiro de 2026**, a precipitación acumulada estivo en toda Galicia moi por riba da que se podería considerar normal. Esta acumulación explícase pola frecuente visita de borrascas atlánticas activas que, agás na primeira semana do mes, estiveron chegando case sen pausa, deixando precipitacións moi copiosas. A precipitación media acumulada en xaneiro de 2026 para a serie rexional galega ascendeu a **290 L/m²**. Deste xeito, o valor medio da anomalía da precipitación foi un **98 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi xaneiro do ano 2025.

Por último, as precipitacións acumuladas ao longo do mes de **febreiro de 2026** foron, en moitos puntos, extraordinariamente superiores ás que cabería agardar. Isto foi así por mor da sucesiva chegada de borrascas activas, que deixaban importantes cantidades de chuvia, especialmente nos primeiros trece días do mes. Na segunda quincena, esas borrascas non foron tan frecuentes nin activas, pero seguiron acumulando cantidades relativamente significativas. A precipitación media acumulada neste mes para a serie rexional galega ascendeu a **304 L/m²**. Deste xeito, o valor medio da anomalía da precipitación para este mes de febreiro en Galicia, obtido a partir do valor medio das anomalías en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un **160 % superior** ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse **extremadamente**

húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido remóntase a febreiro do ano 1979.

Na **Figura 3**, móstrase a precipitación total acumulada neste inverno 2025-2026. O valor medio de precipitación, a partir dos valores do mapa, foi 848 L/m². Os valores máis altos, entre 1500 e 1700 L/m², rexistráronse ao longo das *Serras Litorais*. Os valores máis baixos, entre 240 e 420 L/m², rexistráronse no extremo leste da provincia de Ourense, nos vales dos ríos *Bibei*, *Xares* e *Casaio*, e na zona litoral da *Mariña Central e Oriental*.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada (mm) no inverno de 2025-2026

Na **Figura 4**, móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais do período de referencia 1981-2010, sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Segundo os valores do mapa, a anomalía media de precipitación foi un 66 % superior ao agardado. Agás en áreas do *Macizo Central* e da *Serra do Eixe*, onde caeu ata un 20 % menos do normal, no resto de Galicia atopamos zonas anormalmente húmidas ou moi húmidas, coas porcentaxes de precipitación máis altas localizadas na comarca da *Baixa Limia*, no val do río *Navia*, nos *Montes de Cervantes*, *Navia e Becerreá* e en zonas do noroeste da provincia de Ourense e da vertente atlántica, onde a precipitación acumulada é entre un 110 e un 160 % superior ao valor climático agardado.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada no inverno 2025-2026 con respecto á media climática no período 1981-2010



A continuación, móstrase, nas **Táboas 5 e 6**, unha lista coas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de MeteoGalicia que rexistraron os valores máximos e mínimos de precipitación acumulada neste inverno 2025-2026, respectivamente.

Táboa 5: Precipitación máxima estacional no inverno 2026-2026			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	1931
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	1766
Costa	ROIS	A Coruña	1637
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	1614
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	1581
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	1547
Castrove	POIO	Pontevedra	1533
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	1520
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	1496
Lesende	LOUSAME	A Coruña	1402

Táboa 6: Precipitación mínima estacional no inverno 2025-2026			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	303
Foz	FOZ	Lugo	314
Larouco	LAROUCO	Ourense	329
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	342
Xares	A VEIGA	Ourense	355
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	365
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	368
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	401
Burela	BURELA	Lugo	418
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	438

3 BALANCE HISTÓRICO DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO

3.1. Temperatura

Na **Figura 5**, móstrase a evolución da **temperatura media** na estación de inverno desde o inverno 1961-1962. O valor medio da temperatura media para este inverno 2025-2026, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi **9.1°C**.




Figura 5: Evolución da temperatura media (°C) en inverno para a serie rexional galega

Así, a **anomalía da temperatura media** para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas e simbolizada na **Figura 6**, foi **0.6 °C por riba** do valor climático do período de referencia 1981-2010, o que fai que poidamos falar dun **inverno cálido**. O precedente máis cálido foi o outono de 2024.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media en inverno respecto ao período de referencia 1981-2010



A **Táboa 7** compara o valor da **temperatura media do inverno 2025-2026** cos valores climáticos dos períodos de referencia 1971-2000 e 1981-2010. Así, vemos que este inverno amosa unhas anomalías positivas de 0.7 e 0.6 °C, respectivamente.

Temperatura media inverno (°C)		
2025-2026	1971-2000	1981-2010
9.1	8.4	8.5

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media do inverno 2025-2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados.

Na **Táboa 8**, móstrase a **temperatura media dos meses de inverno** e a comparación cos valores climáticos de referencia. Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, **decembro e xaneiro** considéranse **normais** e **febreiro moi cálido**.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2025-2026	1971-2000	1981-2010
decembro	8.7	8.8	8.7
xaneiro	8.3	7.8	8.0
febreiro	10.3	8.8	8.8

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media dos meses do inverno 2025-2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na **Táboa 9**, pódese observar a **temperatura media das mínimas** na estación de inverno e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentís das series das mínimas, este inverno foi **moi cálido**, cunha desviación media de 1.5 °C por riba do valor climático do último período de referencia.

Temperatura media das mínimas en inverno (°C)		
2025-2026	1971-2000	1981-2010
5.7	4.2	4.2

Táboa 9: Comparación entre a temperatura mínima media no inverno 2025-2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados.

A escala mensual e comparando os datos co período de referencia 1981-2010, os meses de **decembro e xaneiro** considéranse **cálidos** e o mes de **febreiro moi cálido**.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2025-2026	1971-2000	1981-2010
decembro	5.2	5.0	4.8
xaneiro	5.2	3.6	3.9
febreiro	6.7	4.3	4.0

Táboa 10: Comparación entre a temperatura mínima media dos meses do inverno 2025-2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na **Táboa 11**, pódese observar a **temperatura media das máximas** na estación de inverno e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentís das series das máximas, este inverno foi **frío**, cunha anomalía media de 0.3 °C por debaixo do valor climático do último período de referencia.

Temperatura media das máximas en inverno (°C)		
2025-2026	1971-2000	1981-2010
12.4	12.5	12.8

Táboa 11: Comparación entre a temperatura máxima media no inverno 2025-2026 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados.

Mensualmente e con respecto ao período 1981-2010, **decembro** foi **frío**, **xaneiro** moi **frío** e **febreiro** normal.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2025-2026	1971-2000	1981-2010
decembro	12.2	12.7	12.6
xaneiro	11.3	11.9	12.1
febreiro	13.8	13.3	13.6

Táboa 12: Comparación entre a temperatura máxima media dos meses do inverno 2025-2026 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

3.2. Precipitación

Na **Figura 7**, pódese ver a evolución da **precipitación media acumulada** no inverno desde o inverno 1961-1962. O valor medio da precipitación acumulada para este inverno 2025-2026, obtido a partir da precipitación media das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional, foi **800 L/m²**.




Figura 7: Evolución da precipitación media acumulada (L/m²) en inverno para a serie rexional galega

Doutra banda, esa cantidade de precipitación media acumulada representa unha **porcentaxe de precipitación** para este inverno en Galicia un **81 % superior** á media climática do período 1981-2010. Isto fai que este **inverno** se poida considerar **moi húmido** e sexa **o cuarto inverno máis húmido da serie histórica**, co precedente máis húmido no ano 2001.




Figura 8: Evolución da anomalía de precipitación en inverno, considerando o período de referencia 1981-2010



Na **Táboa 13**, móstranse, ademais do **valor medio de precipitación acumulada** no inverno 2025-2026, os valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A porcentaxe de precipitación neste inverno foi un 62 % superior ao normal con respecto ao período 1971-2000 e un 81 % superior ao normal con respecto ao período 1981-2010.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2025-2026	1971-2000	1981-2010
800	496	446

Táboa 13: Comparación entre a precipitación media acumulada no inverno 2025-2026 e os valores climáticos

O estudo mensual da precipitación acumulada neste inverno recollido na **Táboa 14** mostra o mes de **decembro** como **húmido** e os meses de **xaneiro e febreiro** como **moi húmidos**.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2025-2026	1971-2000	1981-2010
decembro	206	195	182
xaneiro	290	165	147
febreiro	304	148	118

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de inverno e as medias correspondentes aos períodos climáticos



4 DIAGRAMA DE TERMOHIETAS

Na **Figura 9**, pódese ver o diagrama de termohietas da estación de inverno, tendo en conta o **total de datos da serie rexional** e non só o período 1981-2010. Nel, obsérvase que o inverno 2025-2026 entra dentro do grupo dos anómalos en canto á temperatura media, situándose entre os percentís 60 (t60) e 80 (T80), e englobase xunto con outras das estacións máis anómalas no que respecta á precipitación, superando o percentil 80 (P80).




Figura 9: Diagrama de termohietas para a estación de inverno desde 1961-1962

MeteoGalicia

Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático
Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático